



# Historia dunha crise. Como e por que chegamos até aquí? Cales son as causas que nos teñen conducido á situación eclesial actual?

---



Javier Elzo<sup>1</sup>

## 1.- A relixión na sociedade dos nosos días

Os datos estatísticos móstrannos que, se hai 110 anos dous de cada tres cristiáns eran europeos, na actualidade apenas un de cada catro europeos se di cristián<sup>2</sup>. A Igrexa ten que afrontar, en Europa occidental, o dismantelamento do estado de cristiandade no medio dunha sociedade pluralista (Peter Berger), tanto no relixioso (en España xa non hai unha soa relixión), canto entre o secular e o relixioso, que conviven non sempre en boa harmonía. Asistimos a un dobre fenómeno: a desinstitucionalización do relixioso e o subxectivismo da fe, particularmente cando a confesión relixiosa institucionalizada foi hexemónica e dominante, como é o caso en España, Francia, Italia etc. Ademais, ao deixar atrás o cristianismo sociolóxico, este é substituído por un indiferentismo ou ateísmo maioritario, tan sociolóxico como o anterior cristianismo.

Mais tamén emerxe un cristianismo novo e, como tal, minoritario, un cristianismo de convicción, máis persoal. O que resulta máis esixente para o «novo» crente en demanda de sentido e plenitude vital (Ch. Taylor).

---

1 Francisco Javier Elzo Imaz é catedrático Emérito de Socioloxía da Universidade de Deusto e investigador social. Foi director do Equipo de Estudo dos Valores da Universidade de Deusto e presidente do Forum Deusto desta universidade durante 11 anos. Tamén foi o primeiro investigador para España do European Values Study (2000-2008).

2 *Global Christianity. A Report on the Size and Distribution of the World's Christian Population*. Pew Research Center. Decembre 2011.